# Boletín do iLTIUS

iLTIUS
Instituto de Investigacións Lingüísticas e Literarias da USC

## Actividades científicas

**27/10/2025**

O luns, día 27, a partir das 10:00 horas (en sesións de mañá e tarde), no Salón de Graos da Facultade de Filoloxía, desenvolverase o coloquio *Animais e Bestiarios nunha Idade Media Simbólica* organizado polo **GI-1350-Románicas**, no que se tratará sobre a formación e repercusión dos Bestiarios na literatura e na arte medieval.

O programa incluirá relatorios de investigadoras e investigadores de diversas universidades: Llúcia Martín Pascual (Universitat d'Alacant), Laura Fernández Fernández (Universidad Complutense de Madrid), Nadia Mariana Consiglieri (Universidad de Buenos Aires – CONICET), Fátima Diéz Platas (Universidade de Santiago de Compostela), Luzdivina Cuesta Torre (Universidad de León), Victoriano Nodar Fernández (Universidade de Vigo) e David Chao Castro (Universidade de Santiago de Compostela).

Esta actividade formativa está recoñecida no **Programa de Doutoramento en Estudos Medievais**.

**Enderezo de contacto:** esther.corral@usc.gal






**28/10/2025**

O **Grupo de Investigación ClasMedUSC** organiza o vindeiro martes 28 de outubro, ás 12:00 horas, na Sala Académica da Facultade de Filoloxía a conferencia *Aristóteles e o lecer*, impartida polo Prof. Henry T. Edmonson III, da Georgia College and State University (Milledgeville, Georgia, Estados Unidos).

**Enderezo de contacto:** angel.ruiz@usc.es




## Publicacións

***The Progressive Revisited: Historical and Quantitative Studies in Germanic and Romance Languages***

**Editores:** Alessandro Carlucci (University of Oxford) e Jerzy Nykiel (University of Bergen)

Este volume reúne análises baseadas en corpus das construcións do aspecto progresivo en linguas xermánicas e romances. Empregando diversas metodoloxías e marcos teóricos, os estudos ofrecen achegas sobre o desenvolvemento, a gramaticalización e o uso das distintas estruturas progresivas, desde as máis coñecidas ata outras menos frecuentes. Algúns capítulos exploran funcións específicas ou cambios nestas construcións, incluíndo funcións pragmáticas non aspectuais. Todas as contribucións presentan unha importante cantidade de datos empíricos novos. O libro ofrece así unha oportunidade única para que especialistas en linguas romances poidan comparar fenómenos similares nas linguas xermánicas, e viceversa, abordando tamén cuestións teóricas e metodolóxicas contemporáneas en linguística de corpus, de contacto e histórica.




Máis información: https://doi.org/10.1075/slcs.236

# Actividades científicas recentes

**02/10/2025-03/10/2025**

Os pasados días 2 e 3 de outubro celebrouse na Facultade de Filoloxía o III Workshop internacional da Rede Científica Alemana **The Dynamics of Prepositions and Prepositional Constructions in Spanish (CoPrEspa)**, financiada pola *Deutsche Forschungsgemeinschaft* (DFG) de Alemaña. Esta rede tem como finalidade o estudo das preposicións e construccións preposicionais do español no marco da Gramática de Construcións.

O encontro estivo organizado polas profesoras Carmen Mellado Blanco (USC), Inga Hennecke (Universität Tübingen) e Evelyn Wiesinger (Universität Regensburg), e contou con dous recoñecidos especialistas no ámbito da Lingüística Cognitiva e a Gramática de Construcións: Montserrat Martínez Vázquez (Universidade de Sevilla) e Francisco Gonzálvez García (Universidade de Almería).

Máis información: [https://infoling.org/informacion/C3437.html](https://infoling.org/informacion/C3437.html)




# Elección de membros do Consello Científico do iLTIUS

A pasada semana procedeuse á elección de membros do Consello Científico do iLTIUS entre as candidaturas recibidas e logo consensuadas nos tres sectores (PDI permanente, PDI non permanente e investigadores en formación). O Consello queda configurado polos seguintes representantes, pertencentes ás grandes áreas de Lingüística e Literatura:

1. **Representantes do PDI permanente (6 membros)**

   Irene Doval Reija
   Elvira Fidalgo Francisco
   José Virgilio García Trabazo
   Carmen Mellado Blanco
   Isabel Morán Cabanas
   Ignacio Miguel Palacios Martínez

2. **Representante do PDI non permanente (1 membro)**

   Lúa García Sánchez

3. **Representante do persoal en formación (1 membro)**

   Marcos Dieste Trillo

Proximamente producirase a constitución oficial do Consello Científico, un órgano fundamental para o desenvolvemento da axenda científica do Instituto.

# Contacto

**Enderezo electrónico:** iltius.xestion@usc.gal

**Páxina web:** Instituto de Investigacións Lingüísticas e Literarias da USC (iLTIUS)

**Formulario de solicitude de difusión, dispoñible** aquí.